




Concello de
Vilagarcía de Arousa
Fundación de Deportes

Recinto Fexdega
36600 Vilagarcía de Arousa
T 986 566 898
CIF: P/8660001-B
fdeportes@vilagarcia.es · www.vilagarcia.es



PROTOCOLO BÁSICO PARA O USO DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS DE VILAGARCÍA DE AROUSA PARA O DEPORTE FEDERADO

Juan Miguel Doval

PROTOCOLO BÁSICO DE ACTUACIÓN PARA O USO DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS DE VILAGARCÍA DE AROUSA POLO DEPORTE FEDERADO

Índice

1º.- Introducción.....	2
2º.- Obxecto.....	3
3º.- Ámbito de aplicación.....	3
4º.- Lexislación e normativa de obrigado cumprimento.....	4
5º.- Medidas de control e seguimento.....	6
6º.- Normas xerais do Protocolo.....	7
7º.- Normas xerais do uso das instalacións.....	8
8º.- Normas de uso dos aseos.....	11
ANEXO 1: Declaración responsable e aceptación de condicións de participación e de información sobre a covid-19 na volta aos adestramentos e competicións da entidade deportiva usuaria....	12
ANEXO 2: formulario de control de asistencia ás instalacións deportivas municipais conforme protocolo básico de actuación Covid19.....	13
ANEXO 3: Modelo declaración responsable e aceptación de condicións de participación e de información sobre a Covid-19 na volta aos adestramentos e ompeticións.....	14
ANEXO 4: Decálogo de como actuar no caso de presentar síntomas de Covid19.....	15

1º.- Introducción.

Como consecuencia da pandemia ocasiona polo COVID19, o Goberno decretou o estado de alarma (**Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19**) a as súas posteriores prórrogas de este estado e tamén unha serie de medidas extraordinarias reguladas mediante a oportuna norma xurídica.

Estableceuse polo Goberno un “Plan para a transición a nova normalidade” a través dunha desescalada gradual, asimétrica e coordinada mantendo como referencia a protección da saúde pública, a través das ordes de sanidade **Orde SND/388/2020, de 3 de maio, Orde SND/399/2020, de 9 de maio, Orde SND/414/2020, de 16 de maio** e a **Orde SND/458/2020, de 30 de maio**.

A Xunta de Galicia, aprobou as medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID19, unha vez superada a fase III, a través da **Resolución do 12 de xuño de 2020**, regulando nos artigos 3.20, 3.21, 3.22, 3.23 e 3.24 aquelas medidas de aplicación no ámbito da actividade física eo deporte, modificada polas **Resolucións do 25 de xuño de 2020** e do **do 17 de xullo de 2020**, e polas **Ordes do 27 de agosto, do 9 de setembro, do 17 de setembro e do 30 de setembro**.

Na situación na que nos encontramos, a Fundación de Deportes ten claro que a saúde é o primeiro, sendo o deporte un elemento necesario para o mantemento e mellora da saúde e da calidade de vida. É importante que a veciñanza sexa moi responsables nestes momentos e adopte as medidas que indican as autoridades sanitarias, e ao mesmo tempo, poida retomar a práctica da actividade física con cautela e protección, polo que a Fundación de Deportes, fai obrigatoria a aplicación dun protocolo básico para o uso das instalacións deportivas municipais para a practica do deporte federado, tendo en conta a seguridade e saúde dos deportistas e traballadores.

Como é imposible garantir un entorno completamente libre de riscos, para que a volta a normalidade sexa un éxito, precisase da corresponsabilidade por parte das entidades

deportivas para que se cumpran as normas xerais dictadas polas autoridades sanitarias (*distancia de seguridade interpersonal e o uso de máscaras*).

Tendo en conta que a evolución da situación da COVID-19 é dinámica e imprevisible, tanto o que respecta a súa epidemioloxía como as medidas que se deben ir adoptando, o presente documento estará en constante revisión, para poder adaptarse de xeito rápido a cada unha das modificacións que poidan ser implementadas dende as autoridades sanitarias e deportivas.

2º.- Obxecto.

Este documento pretende a reincorporación á práctica deportiva federada nas instalacións deportivas municipais adoptando as medidas de prevención, e hixiénico-sanitarias dispostas polas autoridades sanitarias e deportivas debido á pandemia provocada pola COVID19 para a preservación da seguridade sanitaria, do deporte e dos deportistas.

3º.- Ámbito de aplicación.

Aquelas instalacións deportivas municipais xestionadas pola Fundación de Deportes:

- √ COMPLEXO DEPORTIVO MUNICIPAL DE FONTECARMOA:
 - √ Pavillón Municipal Nº1 do C.D.M. de Fontecarmona.
 - √ Pavillón Municipal Nº2 do C.D.M. de Fontecarmona.
 - √ Campo de Fútbol Manuel Jiménez Abalo.
 - √ Estadio Municipal de Atletismo.
- √ Campo de Fútbol Municipal de A Pelada.
- √ Campo de Fútbol Municipal de Berdón.
- √ Campo de Fútbol Municipal de Vilaxoan.
- √ Estadio Municipal de A Lomba.
- √ Estadio Municipal Marí Paz Vilas Dono.
- √ Pavillón Municipal de Guillán.
- √ Pavillón Municipal de A Torre.
- √ Pavillón Municipal Carril.
- √ Pavillón Municipal Castelao.
- √ Pavillón Municipal Vilaxoan.

A actividade a desenvolver, sempre que sexa posible, deberá manter a distancia de seguridade entre os participantes e **sen contacto físico**, agás os casos establecidos na **ORDE do 27 de agosto de 2020**:

- a) **Deportistas galegos de alto nivel e deportistas de alto nivel recoñecidos polo Consello Superior de Deportes** clasificados para Tokio 2020 ou que se atopen en proceso de clasificación.
- b) **Deportistas** de especialidades deportivas **adaptadas individuais con guías** ou persoas de apoio.
- c) **Equipos galegos** que participen en **competicións deportivas oficiais non profesionais de ámbito estatal** con previsión de inicio da competición, salvo que o protocolo da federación española respectiva establezca outra cousa.

As actividades que se poden desenvolver nas instalacións deportivas son aquelas reguladas no presente documento, e que, **previamente**, sexan **autorizadas pola Fundación de Deportes**.

4

Os usuarios, individual ou colectivamente **deberá pertencer á entidade deportiva solicitante, con licencia federativa en vigor**, ou **seguro de accidentes substitutivo**, que se atopen libres dalgunha sintomatoloxía, sendo responsabilidade exclusiva das entidades deportivas o seu cumprimento e control. Enténdese esta responsabilidade, no sentido de que son as propias entidades e os seus membros/as, quen coa súa actuación persoal e responsable, garantirán a saúde propia e a dos seu entorno cercano, así como a comunicación inmediata e precoz ante calquer indicio de posible síntoma de infección por COVID-19.

4. Principio de “autorresponsabilidade” e “voluntariedade”.

O Protocolo está sustentado no principio de “autorresponsabilidade”.

O protocolo parte dende a consideración de que cada unha das entidades deportivas, seus dirixentes, deportistas, técnicos, auxiliares e delegados son quen coa súa actuación persoal e responsable garantirán a saúde propia, a da súas familias e a das demais persoas que compartan a afición pola práctica do deporte federado.

Ademáis de considerarse una obrigación esencial, debemos incluír dentro do principio de “autorresponsabilidade” a comunicación inmediata e precoz ante calquer indicio de posibles síntomas sospeitosos da infección do COVID-19, a adopción de medidas de illamento inmediato e a non presenza individual en adestramentos ou competicións cando se teña sospeita de estar infectado ou se estivese en contacto con algunha persoa da que sospeitárase de estar infectada. NUNCA volver a actividade se estívose enfermo ou hai constancia dun positivo no entorno próximo, ata recibir autorización médica por parte da autoridade sanitaria competente.

As persoas e clubs que se integran na actividade deportiva federada suxeitanse voluntaria e libremente ás normas que fixan as autoridades públicas competentes para os adestramentos e para a práctica deportiva federada de competición.

No deporte de competición a distancia mínima social non se da, ni pode darse e isto implica un risco de contaxio maior, que é asumido voluntaria e libremente polos participantes na competición.

5º.- Lexislación de obrigado cumprimento:

- √ **Lei 3/2012, de 2 de abril** do deporte de Galicia.
- √ **RESOLUCIÓN de 13 de marzo de 2020**, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se da publicidade ao Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 13 de marzo de 2020, polo que se declara a situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e activase o Plan territorial de emerxencias de Galicia (Platerga) en su nivel IG (emerxencia de interés galego), como consecuencia da evolución da epidemia do coronavirus COVID-19.
- √ **Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo**, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19.
- √ **Real Decreto-lei 21/2020, de 9 de xuño**, de medidas urxentes de prevención, contención e coordinación para facer frente á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19.

- √ **RESOLUCIÓN do 12 de xuño de 2020**, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, pola que se dá publicidade do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade.
- √ **RESOLUCIÓN do 15 de xuño de 2020**, da Secretaría Xeral para o Deporte, pola que se aproba o **protocolo Fisicovid-DxTgalego** polo que se establecen as medidas para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19 no ámbito do deporte federado de Galicia.
- √ **RESOLUCIÓN do 25 de xuño de 2020**, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, pola que se dá publicidade do Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 25 de xuño de 2020, polo que se introducen determinadas modificacións nas medidas de prevención previstas no Acordo do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade.
- √ **RESOLUCIÓN do 17 de xullo de 2020**, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, polo que se dá publicidade do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, de 17 de xullo de 2020, polo que se introducen determinadas modificacións nas medidas de prevención previstas no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, de 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte a crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición hacia unha nova normalidade.
- √ **ORDE do 27 de agosto de 2020** sobre modificación de determinadas medidas previstas no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, de 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición hacia unha nova normalidade.

- √ **ORDE do 9 de setembro de 2020** sobre modificación de determinadas medidas previstas no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade.
- √ **ORDE do 17 de setembro de 2020** sobre modificación de determinadas medidas previstas no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade.
- √ **ORDE do 30 de setembro de 2020** sobre modificación de determinadas medidas previstas no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade.

Outra documentación recomendada para a volta aos adestramentos:

- √ Covid-19: Protocolo de actuación para a volta de competición oficiais de ámbito estatal e carácter non profesional (tempada 2020-2021) do CSD.
- √ Guía DXT Galego “volvendo con sentidiño” nº1.
- √ Guía DXT Galego “volvendo con sentidiño” nº2.
- √ Guía DXT Galego “volvendo con sentidiño” nº3.
- √ FAQs da SXD “Deporte con sentidiño”.
- √ Decálogo como actuar no caso de ter síntomas de COVID-19.
- √ Información de intereses sobre a COVID-19 do Ministerio de Sanidade.

5º.- Medidas de control e seguimento

No caso de que unha persoa da entidade deportiva con acceso as instalacións deportivas municipais teña sintomatoloxía do virus COVID-19, deberá informar ao responsable da entidade

deportiva e esta ao servizo galego de saúde (teléfono 900400116) para iniciar o protocolo previsto pola Consellería de Sanidade

(<https://coronavirus.sergas.gal/Contidos/Documents/203/Decalogo.pdf>).

Considérase sintomatoloxía do virus COVID-19:

Presentar un cadro clínico de infección respiratoria, febre, tose ou falta de alento. Poden aparecer outros síntomas atípicos como dor de garganta agudo, perda de olfato, alteración do sentido do gusto, dor muscular, diarrea.

En caso de detección dun positivo por COVID-19 nun membro da entidade deportiva deberanse seguir as pautas determinadas polas autoridades sanitarias.

Se a detención se produce na instalación procederase ao aillamento nun local pechado, á colocación de máscara cirúrxica e aviso ao 061. En todo caso procederase á limpeza e desinfección das instalacións deportivas.

O coordinador ou persoal técnico responsable do grupo da entidade deportiva, deberá entregar o formulario de asistencia a adestramentos (Anexo II) que porá a súa disposición a Fundación de Deportes indicando o seguinte: nome e apelidos dos asistentes, DNI, e de selo caso, calquera incidencia xurdida ao longo da actividade susceptible de ter en conta pola situación sanitaria: abandono anticipada da actividade, síntomas de posible enfermidade, etc.

O formulario tamén poderá ser cuberto informáticamente e remitido no mesmo día a Fundación de Deportes a través do mail: fdactividades@vilagarcia.gal

6º.- Normas xerais do protocolo

O presente protocolo, é vinculante e de obrigado cumprimento polas entidades deportivas que usen as instalacións baixo a súa responsabilidade, sendo responsables do cumprimento por parte das persoas que o integran (deportistas, adestradores, delegados, etc).

Se deberá seguir, en todo momento, as indicacións da Fundación de Deportes, e, en especial, do operario/conserxe de servizo na instalación.

Tal como establece a lexislación, as federación deportivas galegas deberán dispor dun protocolo FISCOVID, previamente aprobado pola da Secretaría Xeral para o Deporte, no que se identifiquen as situacións potenciais de contaxio e as medidas que se establezan para tratar ese risco.

O **protocolo FISICCOVID** da ou das modalidades deportivas será, xunto con este protocolo, e o **protocolo FISICCOVID-DXTGALEGO** da S.X.D. de obrigado cumprimento pola entidade usuaria das instalacións.

Para o poder realizar á **autorización para o uso das instalacións**, a entidade deportiva deberá facer unha solicitude, **achegando un documento** (segundo modelo en anexo 1) **no que declare e pon de manifesto**, os seguintes apartados:

- a) **Que coñece a normativa en vigor** que afecta a actividade a desenvolver na instalación deportiva municipal e o seu estrito cumprimento por parte de todos os integrantes da entidade.
- b) Que **coñece o protocolo de uso da instalación** deportiva municipal, e a súa aceptación expresa.
- c) Que **coñece os protocolos FISICOVIDDXTGALEGO** da SXD e o protocolo **FISICCOVID** da correspondente federación deportiva.
- d) Que exime, expresamente, ao Concello de Vilagarcía de Arousa de calquera responsabilidade que traia causa da situación sanitaria existente.

Xunto coa solicitude (Anexo I), aqueles clubs que non o fixeran, deberán achegar o protocolo FISICCOVID da federación deportiva da modalidade que desenvolva previamente aprobado pola SXD, e indicar quen será o responsable COVID-19 da entidade.

Amáis, a entidade deportiva deberá custodiar as declaracións responsables que deberá firmar cada deportistas e adestrador maior de idade, así como o pai/nai/titor no caso dos menores de idade (Anexo III). Estas declaracións poderán ser solicitadas e requeridas pola Fundación de Deportes en calquera momento.

7º.- Medidas xerais do uso das instalacións.

Establécense as seguintes **medidas e normas hixiénico-sanitarias**:

- √ Obrigatorio o uso de máscara durante a permanencia na instalación, así como para a práctica deportiva nas modalidades deportivas nas que supoña contacto físico entre os participantes, tanto no deporte base como no deporte senior, agás para os equipos senior de competición de ámbito estatal.
No momento da práctica deportiva, os deportistas de deportes individuais, poderán non utilizala, aínda que recomendase o seu uso.
Para o resto de membros das entidades (adestradores, delegados, persoal de apoio) é obrigatorio o seu uso en todo momento
- √ Procurarase manter o distanciamento físico (1,5 metros), aumentando esta distancia física na realización de actividades deportivas.
- √ Obrigatorio a desinfección das mans co xel hidroalcohólico ao acceder a instalación.
- √ Permitirase a práctica de adestramentos consistentes en tarefas individualizadas de carácter físico e técnico así como adestramentos tácticos non exhaustivos, sempre sen contacto físico mantendo as debidas medidas de seguridade e protección.
- √ Permítese o contacto físico na práctica da actividade deportiva federada sempre que se realice as tarefas con máscara, agás nos suposto que figuran na *ORDE do 27 de agosto de 2020*.
- √ O uso das instalacións deportivas estará limitado ao aforo determinado pola Fundación de Deportes de acordo ao disposto polas autoridades competentes, establecéndose para 1/2 campo F11: 25 persoas e para 1/2 Pista polideportiva: 15 persoas. Nas pista de tenis o aforo é de 4 persoas, e no ximnasio de 10 persoas.
- √ Non se permite o acceso de persoas alleas a actividade, así como acompañantes (parentes, amigos, etc), nin público en xeral, permitíndose o acceso ás instalacións



deportivas só as persoas previamente designadas pola entidade deportivas (adestradores, deportistas, delegados).

- √ O acceso e saída das instalación será exclusivamente polas entradas designadas en cada instalación, debendo seguir os itinerarios marcados mantendo, en todo momento, a distancia interpersonal de seguridade: 1,5 m.
- √ O acceso a instalación dos equipos de categoría base farase todos xuntos e acompañados pola persoa designada pola entidade como responsable do grupo, respetando a distancia de seguridade e usando máscara ata o comenzo da actividade. Mentras agarda fóra da instalación, deberán manter a distancia de seguridade de 1,5m.
- √ O horario asignado deberá cumprirse de forma rigorosa, polo que ás entidades deportivas deben cumprir a máxima puntualidade para cumprir co tempo do que dispoñen. Fóra das quenda autorizada non se poderá permanecer na instalación. O acceso a instalación só estará permitido 10' antes do inicio da actividade, e deberá abandonarse, como máximo, aos 10' de finalizada a actividade.
- √ Os deportistas deberán vir cambiados de casa. Non se permitirá o acceso a os vestiarios. De levar enxeles persoais se deberán deixar, durante a práctica da actividade, recollidos nunha bolsa de propiedade do participante nas zonas indicadas para tal fin en cada espazo.
No caso dos equipos senior de deportes colectivos de ámbito estatal, permitiráselles o uso dos vestiarios.
- √ Será obrigatorio a desinfección do calzado nas alfombras que se instalarán para dito uso, e cambiar, obrigatoriamente, o calzado da rúa por un específico para a práctica deportiva.
- √ É obrigatorio para a entidade deportiva usuaria, a desinfección con produto desinfectante autorizado polo Ministerio de Sanidade, de calquera material utilizado para o adestramento/actividade deportiva, tras cada sesión. Amáis deberá ter solución hidroalcohólica suficiente para o grupo que está desenvolvendo a actividade.

- √ Os usuarios/as deberán levar as súas propias botellas de auga que estarán identificadas co nome de cada un. Os membro das entidades deportivas non poderán compartir alimentos, bebidas ou similares.
- √ Procurarase manter grupos de traballo estables durante a sesión e tamén manter durante toda a semana de adestramentos: mesmas parellas ou grupos para os exercicios co obxectivo de reducir o número de contactos.

A continuación achegase información a ter en conta na realización das sesións de adestramento que figuran na “Guía Deporte Galego: Volvendo con sentidiño”, xa que as sesións de adestramento deberá deseñarse tendo en conta o menor nivel de risco posible de contaxio. Estes factores chave a considerar son:

- A característica da instalación deportiva: aberta ou pechada.
- O tamaño do espazo deportivo que determina o espazo de xogo de cada xogador.
- A duración dos exercicios que compoñen a sesión.

12

“Ademais da distancia física de seguridade (1,5 metros) entre os xogadores, a duracion das tarefas e un factor moi importante para determinar o número de situacións con proximidade entre eles que poden aparecer no adestramento. Canto máis tempo dura unha tarefa, en máis ocasións os xogadores estaran implicados en situacións con risco de diminuír a distancia de seguridade (1,5 metros)”.

MOITO MELLOR:

Duración moi curta = Menos de 5 minutos.

Duración curta = Entre 5 e 8 minutos

POUCO RECOMENDABLE:

Duración moderada = Entre 9 e 12 minutos.

A EVITAR:

Duración larga = Entre 12 e 15 minutos.



Táboas orientativas para valorar os riscos de transmisión en función do espazos e o tempo:

CLASIFICACIÓN DAS TAREFAS		TAMAÑO DO ESPAZO			
		GRANDE >175m ² ou >13m	MEDIO <125-175m ² ou 11-13m	PEQUENO 75-125m ² ou >9-11m	MOI PEQUENO <75m ² ou <9m
TIEMPO:	Valor				
Largo >15min	4	4	8	12	16
Moderado 10-15min	3	3	6	9	12
Curto 5-10 min	2	2	4	6	8
Moi Curto <5 min	1	1	2	3	4

Verde = Risco Baixo, Amarelo = Risco Moderado; Ámbar = Risco Alto; Vermello = Risco moi alto;

A suma da puntuación de todas as tarefas (desde o quecemento ata a volta a calma) podenos informar do risco global.

SESIÓNS DE ADESTRAMENTO: SUMA DA PUNTUACIÓN DE TODAS AS TAREFAS	
Puntuación	RISCO DE CONTAXIO, ACCIÓNS DE MITIGACIÓN
>60	Alto risco de contaxio. Obrigación de eliminar partes da sesión e/ou exercicios ou tarefas para reducir a incidencia e/ou severidade de risco de contaxio.
50-60	Alto/medio risco de contaxio. Necesidade de eliminar algúns exercicios ou tarefas para reducir a incidencia e/ou severidade de risco de contaxio.
40-49	Risco medio de contaxio. Necesidade de axustar algúns exercicios ou tarefas para reducir a incidencia e/ou severidade de risco de contaxio.
30-39	Baixo risco de contaxio. Necesidade de vixiar moi atentamente as execucións dos exercicios ou tarefas e/ou realizar pequenos cambios nalgúns exercicios ou tarefas para reducir a incidencia e/ou severidade de risco de contaxio.
>30	Baixo risco de contaxio. Non é necesario realizar ningunha acción adicional.

8º.- Normas específicas de uso dos aseos :

Os aseos que se poderán utilizar son os habilitados, en cada momento.

A ocupación máxima será dunha persoa salvo naqueles supostos de persoas que poidan precisar asistencia, en cuxo caso tamén se permitirá a utilización polo seu acompañante.

Non se poderán utilizar para outro fin que o propio, e polo tempo imprescindible.

Antes do acceso se deberá facer unha correcta limpeza de máns con xabón, ao igual que de regreso ao espazo deportivo.

Desbotar os panos ou calquera material desbotable nas papeleiras instaladas.

Non está permitido beber dos grifos dos vestiarios.

ANEXO I: DECLARACIÓN RESPONSABLE E ACEPTACIÓN DE CONDICIÓN DE PARTICIPACIÓN E DE INFORMACIÓN SOBRE A COVID-19 NA VOLTA AOS ADESTRAMENTOS E COMPETICIÓN

D/Dª con NIF _____

en representación da entidade con NIF _____

SOLICITO que a entidade que represento poida desenvolver os seus adestramentos nas instalacións deportivas municipais que se lle asignen en función da solicitude horaria presentada previamente, para o cal lín con detalle a información proporcionada polo Fundación de Deportes e acepto as condicións de participación adoptando as medidas oportunas e necesarias,

DECLARO

✓ Que a entidade que represento coñece a normativa en vigor que afecta a actividade a desenvolver na instalación deportiva municipal, e comprométese o estrito cumprimento da mesma por parte de todos e cada un dos integrantes da entidade.

✓ Que a entidade que represento coñece o protocolo básico de actuación para o uso das instalacións deportivas municipais, e a súa aceptación expresa.

✓ Que a entidade que represento coñece as circunstancias excepcionais actuais, os protocolos e as normas establecidas para garantir a saúde e seguridade de todos os participantes antes, durante e con posterioridade a actividade a desenvolver na instalación. En especial o coñecemento, aceptación e cumprimento do protocolo FISICOVID-DXTGALEGO da Secretaría Xeral para o Deporte, e o protocolo FISICOVID da correspondente federación deportiva (de estar aprobado).

✓ Que a entidade que represento exime, expresamente, a Fundación de Deportes e ao Concello de Vilagarcía de calquera responsabilidade que traia causa da situación sanitaria existente.

✓ Que a entidade que represento dispón das declaracións responsables, aceptacións e compromisos individuais de cada un dos membros da entidade que participarán na actividade nas instalacións deportivas municipais.

Pola mesma, noméase coordinador/a responsable da entidade deportiva a efectos do disposto no Protocolo Básico de actuación para o uso das instalacións deportivas municipais, a D./Dna. _____ con NIF _____

Vilagarcía de Arousa ____, de _____ de 2020

Asdo.:



**ANEXO II: FORMULARIO DE CONTROL DE ASISTENCIA ÁS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS
MUNICIPAIS CONFORME PROTOCOLO BÁSICO DE ACTUACIÓN COVID19**

ENTIDADE DEPORTIVA			
EQUIPO			
DATA		HORARIO	
INSTALACION			

NOME	DNI	INCIDENCIA COVID-19



OBSERVACIONES

D/D^a. _____ con NIF _____

actuando en nome propio, ou como pai/nai/titor do interesado/a (menor de idade) (de selo caso, datos do menor de idade)

D/D^a. _____ con NIF _____
para a actividade de volta aos adestramentos e competicións organizada pola entidade deportiva
_____ para a tempada 2020-2021.

DECLARACIÓN RESPONSABLE DE CONDICIÓN DE SAÚDE

√ Declaro non estar diagnosticado/a de Covid-19, e non presentar sintomatoloxía asociada a este virus (tose, febre, dificultade ao respirar, etc.) nin se me presentaron nos 14 días previos á data de entrada nesta actividade e non padezo ningunha outra enfermidade contaxiosa.

√ Declaro que non se convivo con ninguén afectado polo Covid-19 nin estiven en contacto estreito nin compartín espazo sen gardar a distancia interpersoal cunha persoa afectada polo Covid-19, nos 14 días previos á entrada nesta actividade.

√ Comprométome a notificar inmediatamente á entidade deportiva calquera problema de saúde vinculado ao COVID-19 durante o transcurso da actividade.

√ Declaro, no caso de pertencer a un grupo vulnerable fronte á Covid-19, que son consciente de que tras unha infección por este virus, as manifestacións da enfermidade poden ser máis severas que noutras persoas de grupos non considerados vulnerables.

(PERSONA VULNERABLE: persoa con enfermidade cardiovascular, incluída hipertensión, enfermidade pulmonar crónica, diabetes, insuficiencia renal crónica, inmunodepresión, cancro en fase de tratamento activo, enfermidade hepática crónica severa, obesidade mórbida (IMC>40), embarazo e maiores de 60 anos.)

ACEPTACIÓN DAS CONDICIÓN PERSOAIS DE HIXIENE E PREVENCIÓN FRONTE Á COVID-19

√ Lin, acepto e comprométome a manter as condicións de hixiene e prevención nas que se vai desenvolver a actividade.

DECLARACIÓN DE LER E ACEPTAR A INFORMACIÓN PROPORCIONADA POLO CLUBE SOBRE A ADAPTACIÓN DA ACTIVIDADE Á COVID-19

√ Declaro que recibín e lin o Protocolo básico de actuación para o uso das instalacións deportivas municipais da Fundación de Deportes do Concello de Vilagarcía e que, polo tanto, teño coñecemento pleno e estou de acordó coas medidas e procedementos que propón.

√ Declaro que recibín e lin as medidas de prevención dispostas polo clube e protocolo FISICOVID da Federación Galega.

Vilagarcía de Arousa a _____, de _____ de 2020

Asdo.:

ANEXO IV: DECÁLOGO DE COMO ACTUAR NO CASO DE PRESENTAR SÍNTOMAS DE COVID19



DECÁLOGO como ACTUAR no caso de ter SÍNTOMAS DE COVID-19 (febre, tos ou dificultade respiratoria):

Coñece como actuar, así poderás axudarnos e tamén prestar axuda as persoas da nosa contorna.



1. Auto-aislarse

Nunha habitación de uso individual con fiestra, mantendo a porta pechada e se é posible, baño individual.
Se non é posible: mantén a distancia de seguridade de 2 metros co resto dos conviventes e extrema as medidas de hixiene.



2. Manterse comunicado

Ten dispoñible un teléfono para informar das necesidades que poidas ter, e poidas manter a comunicación cos teus seres queridos.



3. Sensación de gravidade

Se tes sensación de falta de aire ou te encontras moi mal, chama ao teu centro de saúde ou ao 900 400 116



4. Autocoidados

Usa paracetamol para controlar a febre, pon panos fríos na fronte ou toma unha ducha tépeda para axudar a controlar a temperatura, bebe líquidos, descansa pero móvete de cando en vez.



5. Hábitos saudables

Mantén un horario de descanso axeitado, e leva a cabo unha alimentación saudable consumindo froitas e verduras.



6. Illamento domiciliario

Agora que xa tes feito o máis inmediato, revisa e aplica as medidas de illamento domiciliario www.coronavirus.sergas.gal



7. Lavado de mans

Asegúrate que na casa todos coñecen como facer un correcto lavado de mans www.coronavirus.sergas.gal



8. Se empeoras

Se tes moita dificultade para respirar ou non controlas a febre, chama ao 061



9. 14 Días

Debes manter o illamento 14 días dende o inicio dos síntomas.
Se despois deste tempo segues con síntomas, chama ao teu centro de saúde



10. Alta

O seguimento e alta, serán supervisados polo teu médico de Atención Primaria